

## O COETFG E GALICIA BUSINESS SCHOOL IMPULSAN A FORMACIÓN EMPRESARIAL DOS ENXEÑEIROS TÉCNICOS FORESTAIS DE GALICIA

- Ambas entidades asinaron un convenio de colaboración con data do 11/09/2018.
- Na sinatura participaron a Xerente do COETFG, Patricia González, e o Responsable de Desenrolo de Negocio e Xestión Comercial de Galicia Business School, Óscar Sánchez.



### **Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018.**

O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia (COETFG) E Galicia Business School asinaron hoxe, 11 de setembro, na sede do COETFG, en Santiago de Compostela, un convenio de colaboración. Dito acordo ten como obxectivo principal a formación e o desenrolo de persoas, de xeito que tódolos colexiados do COETFG podan acceder, en condicións especiais, á formación de Galicia Business School.

En virtude deste acordo, os colexiados do COETFG verán facilitado o seu acceso ás formacións de Galicia Business School. De este xeito, o COETFG amosa o seu compromiso coa formación e o desenvolvemento dos profesionais de Galicia, brindando unha oportunidade formativa única. Xunto a estas vantaxes, tamén se realizarán diferentes accións especiais que se irán comunicando aos colexiados ao longo da vida do acordo.

Ambas entidades valoran positivamente este convenio de colaboración, que achega a todos os profesionais a formación de máxima calidade que potenciará o desenvolvemento profesional do sector forestal e medioambiental a través dunha maior profesionalización dos técnicos.

### **Sobre Galicia Business School:**

Galicia Business School é un centro de entramento directivo. A súa misión é ser unha escola de profesionais para profesionais e da empresa para a empresa. Por iso os seus programas son prácticos e experienciais e todos os profesores son profesionais de empresa en activo que trasladan ás aulas a súa experiencia. Contan cun claustro de máis de cen profesores de prestixio nacional e internacional. Por todo elo, moitas empresas líderes en Galicia xa confiaron a formación dos seus profesionais e directivos en Galicia Business School.”